



LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique
 Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Cidrás Pidre, José
 Corbacho Suso, Patricia
 Docampo Amoedo, Domingo
 Domínguez Castro, Luis
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fandiño Alonso, Xaime
 Fernández Álvarez, Antón
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco
 Garriga Domínguez, Ana
 Gómez Gude, Jorge Juan
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Martínez Cobas, Xavier
 Mato De La Iglesia, Salustiano
 Mazaira Castro, Andrés
 Membiela Iglesia, Pedro
 Pérez Castrillo, Lois
 Pita Grandal, Ana M^a
 Pousada Carballo, José M^a
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rey García, Daniel
 Rubiños López, J. Óscar
 Suárez Creo, Juan
 Tojo Suárez, José E.
 Troncoso Durán, Dolores
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique
 Vázquez López, Ezequiel M.
 Viso Alonso, Augusto

DESCULPAN ASISTENCIA:

Girón Vélez, Belén
 Gueimonde Canto, Ana I.
 Sánchez Bello, Patricio A.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 17 de xuño de dous mil catro, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O xoves, día 17 de xuño de 2004, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión do día 11 de maio de 2004.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, da convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo.
4. Aprobación, se procede, da “Memoria Económica 2003” da Universidade de Vigo.
5. Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.
6. Aprobación, se procede, da incorporación de remanentes de libre disposición.
7. Aprobación, se procede, da Normativa reguladora para o concurso de profesorado para o curso 2004-05.
8. Delegación, se procede, na COAP do acordo de contratación para profesores visitantes para o curso 2004-05.
9. Solicitud de comisións de servizo e de cambios de área de coñecemento.
10. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Máster/Especialista de economía para non economistas. – I Máster/Especialista en actividade física e deportes na vida adulta e envellecemento.
11. Aprobación, se procede, da Normativa da Universidade de Vigo en materia de relacións internacionais.
12. Aprobación, se procede, da RPT do PAS laboral.
13. Aprobación, se procede, da creación do cargo de comisionado para o espazo europeo de educación superior (EEES) da Universidade de Vigo.
14. Aprobación, se procede, da modificación do cupo de admitidos procedentes de traslados para o curso 2004/2005 en centros adscritos.
15. Adhesión, se procede, á Declaración de Toledo polo dereito á saúde para todos na Unión Europea.
16. Aprobación, se procede, da modificación do Anexo ao convenio entre a Consellería de Educación e a Universidade de Vigo aprobado na sesión do día 11 de maio de 2004.

17. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Facultade Rexional San Rafael da Universidade Tecnolóxica Nacional (Arxentina) e a Universidade de Vigo. – Acordo marco de cooperación entre a Escola superior de Educación de Paula Frassinetti e a Universidade de Vigo.
18. Rogos e preguntas.

Punto 1: Aprobación, se procede, da acta da sesión do día 11 de maio de 2004.

Apróbase por asentimento.

Punto 2: Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

- Da sentenza dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) na que se da a razón ao contencioso-administrativo no que se propón deixar sen efecto a convocatoria de oito cátedras de I+D cuxa saída a concurso fora aprobada pola Xunta de Goberno de data 12 de novembro de 2001. Di que esperaba que a universidade gañara o recurso pero que está claro que a persoa que asina a sentenza non parece distinguir entre o concurso de acceso á función pública e a selección previa, por parte da universidade, da área na que sae a praza a concurso público.

Informa de que a intención do reitor e do equipo de goberno é de seguir coa defensa dos intereses da institución buscando os camiños máis axeitados, pero que ademais hai oito persoas claramente afectadas pola sentenza polo que é necesario combinar os esforzos da defensa da institución cos intereses destas oito persoas afectadas. Estase avaliando, xunto coa Asesoría xurídica, cales son as vías posibles para conseguir a mellor defensa, aínda que reconece que a sentenza non deixa moitas saídas máis que as de buscar o amparo fronte ao Tribunal Constitucional ou ao Tribunal Supremo.

Remata indicando que se algún membro do consello ten que dicir algo sobre este tema, pode intervir ao final do informe.

- En relación co financiamento, informa de que o documento aprobado no último Claustro foi enviado a todos os dirixentes políticos de Galicia. Así mesmo informa das entrevistas que mantivo co secretario xeral do BNG, co secretario xeral do PSOE e co presidente da Xunta de Galicia e nas que tratou de trasladar o interese da institución de que cando se debata no Parlamento a nova Lei xeral do sistema universitario de Galicia (LEXSUGA), se fale tamén do financiamento e se é posible figuren os acordos dentro da lei. En todos os casos a impresión foi positiva.

Así mesmo informa dunha xuntanza que mantivo cos Conselleiros de Educación e de Economía, sobre o mesmo tema, e na que a actitude de ambos foi positiva.

- En relación co Ministerio de Educación e Ciencia di que xa están nomeados todos os Directores Xerais e que están empezando a traballar principalmente na parte correspondente ao ensino primario e secundario. Sobre os decretos pendentes, a intención do MEC é que antes de decembro estean publicados os de grao, posgrao e profesorado. A CRUE vaise manifestar sobre eses temas na sesión do día 24 en Vigo.

- Da entrevista coa Alcaldesa de Vigo e na que lle pediu que se activara a conexión da autoestrada co campus, analizaron as posibles vías de entrada e encargouse a un arquitecto para que fixese tres propostas posibles.

Sobre o mesmo tema tamén se falou coa Deputación que manifestou interese e disposición a colaborar incluso economicamente se fose necesario.

- Do encargo ao arquitecto Paulo Mendes da Rocha dun proxecto de urbanización para integrar o edificio de ciencias experimentais á E.T.S. de Enxeñeiros Industriais e ampliación da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación – E.T.S. de Enxeñería de Minas co resto do campus, xa que son as que presentan unha maior diferenza de cotas. Di que o arquitecto fixo unha proposta atrevida que inclúe algún mecanismo mecánico de propulsión para salvar esa diferenza de cotas e que implica unha certa ruptura coa visión estrutural actual do campus. Entre o 17 e o 20 de xullo estará en Vigo para facer unha presentación pública de explicación e defensa da súa proposta.

- Da activación da Fundación da Universidade de Vigo (FUV) para poder facer uso da mesma en diversas convocatorias, convenios, etc.

Rematado o informe ábrese unha quenda de intervencións sobre todos os temas incluídos no mesmo.

Non hai intervencións.

Punto 3: Aprobación, se procede, da convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo.

O vicerreitor de extensión universitaria e estudantes informa de que a convocatoria é similar á de anos anteriores pero actualizada, sendo a principal novidade que este ano non se ofertan prazas na residencia da RENFE.

Apróbase por asentimento.

Punto 4: Aprobación, se procede, da “Memoria Económica 2003” da Universidade de Vigo.

O vicerreitor de planificación informa sobre a memoria e liquidación do orzamento do ano 2003 e sinala que non hai moitas novidades en relación coa de anos anteriores.

Rematado o informe ábrese unha quenda de preguntas na que intervéñ o profesor Tojo para pedir información sobre a memoria de CUSA e, máis concretamente, sobre o detalle da composición do capítulo de ingresos.

O vicerreitor de planificación di que hai un resultado total de 111 mil € de perdas que segundo o previsto pódese considerar aceptable. En relación ao detalle dos ingresos non pode informar porque non ten responsabilidade sobre ese tema, pero comprométese a pedir información sobre a composición do capítulo de ingresos e traelo a un próximo Consello de Goberno.

Sométese o punto a votación.

- Votos a favor da aprobación da “Memoria económica 2003”.....	25
- Votos en contra.....	0
- Abstencións	5

Queda aprobada a “Memoria económica 2003”.

Punto 5: Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.

Apróbase por asentimento.

Punto 6: Aprobación, se procede, da incorporación de remanentes de libre disposición.

O vicerreitor de planificación explica as incorporacións de remanentes que figuran na documentación.

O profesor Tojo pide aclaracións sobre as partidas 622.02 e 227.06, ao que lle contestan os vicerreitores de planificación e de innovación e calidade.

Apróbase por asentimento.

Punto 7: Aprobación, se procede, da Normativa reguladora para o concurso de profesorado para o curso 2004-05.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa de que no último Consello de Goberno aprobouse o tipo de prazas para o concurso de profesorado para o curso 2004-05, e o detalle do concurso quedou delegado na COAP pero faltaba aprobar o baremo para as prazas novas.

A proposta da COAP é a de asimilar as de asociado ás dos asociados de anos anteriores, as de axudante – LOU ás de axudantes – LRU e as de axudante doutor ás de titular universidade interino.

Apróbanse por asentimento as bases da Normativa para o concurso de profesorado para o curso 2004-05 (Anexo I).

Punto 8: Delegación, se procede, na COAP do acordo de contratación para profesores visitantes para o curso 2004-05.

A vicerreitora propón que a figura de profesor visitante aprobado no último Consello de Goberno se asimile á do existente ata agora e propón que a contratación dos mesmos quede delegada na COAP.

Apróbase a delegación por asentimento.

Punto 9: Solicitud de comisións de servizo e de cambios de área de coñecemento.

A vicerreitora informa da solicitude de comisión de servizos para o curso 2004-05 do profesor D. Jesús Primitivo Rodríguez González na Universidade Rey Juan Carlos que ten todos os informes favorables.

Apróbase por asentimento.

Así mesmo informa de dúas solicitudes de cambio de área:

- D. José Luis Castro de Paz da área de Historia da arte (465) á de Comunicación audiovisual e publicidade.
- D. Fortunato Rodríguez Fernández da área de Debuxo (185) á de Comunicación audiovisual e publicidade.

Di que teñen a aprobación dos Departamentos entrantes e saíntes, e que en ambos casos significan un aproveitamento de recursos para a universidade ademais de ser coherentes.

Sinala que no caso de ser aprobados neste consello despois teñen que ser aprobados polo Ministerio de educación. Para o curso 2004-05 farase un POD provisional cos profesores incorporados na nova área, e no caso de que o ministerio rexeitara o cambio de área, no curso 2005-06 os profesores volverían á área de coñecemento de partida.

A profesora Carballo-Calero aclara que para o departamento de Historia, arte e xeografía é unha perda importante aínda que reconece o dereito do profesor a solicitar o cambio.

O profesor Fandiño, decano da Facultade de ciencias sociais e da comunicación agradece o informe favorable do departamento de Historia, arte e xeografía.

Apróbanse os cambios de área por asentimento.

Punto 10: Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Máster/Especialista de economía para non economistas. – I Máster/Especialista en actividade física e deportes na vida adulta e envellecemento.

O vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente di que todos os cursos cumpren os requisitos establecidos e que soamente faltan por aprobar as taxas polo consello social.

Sométese a votación.

- Votos a favor de que se aproben nas condicións nas que veñen a este Consello de Goberno 24
- Votos en contra..... 0
- Abstencións 2

Quedan aprobados os másters e cursos que figuran na orde do día.

Punto 11: Aprobación, se procede, da Normativa da Universidade de Vigo en materia de relacións internacionais.

O vicerreitor de relacións institucionais informa dos cambios puntuais en relación co documento enviado.

A Señora Corbacho pregunta se un único profesor pode ser responsable do Erasmus de dous centros.

O vicerreitor di que cre que cada centro ten o seu responsable.

Apróbase a normativa por asentimento (Anexo II).

Punto 12: Aprobación, se procede, da RPT do PAS laboral.

O xerente propón substituír o documento enviado a todos os membros do Consello de Goberno por outro no que se retirou a proposta que afectaba ao persoal da A.T.I.C. e a do responsable de transporte e distribución, xa que en ambos casos se está pendente de rematar a negociación e o traerá ao próximo Consello de Goberno.

Deste xeito a proposta que presenta a este consello recolle o acordo entre a xerencia e o comité intercentros.

A Señora Hilda Iglesias presenta unha cuestión de forma e propón substituír o que figura na RPT como campus histórico por campus de Vigo, dado que é o único que existe.

O profesor Gálvez pregunta se o posto de técnico superior en informática que corresponde ao campus de Ourense se cubriu ou está vacante.

O vicerreitor de innovación e calidade di que dos 7 postos a concurso se cubriron 3, pero non sabe se un deles corresponde ao campus de Ourense. Sairán as vacantes de novo a concurso e tratarase que mentres tanto se cubran interinamente.

O reitor propón a aprobación nas condicións en que foi formulada a proposta.

Apróbase por asentimento (Anexo III).

Punto 13: Aprobación, se procede, da creación do cargo de comisionado para o espacio europeo de educación superior (EEES) da Universidade de Vigo.

O reitor indica que os próximos dous anos van ser críticos no tema do EEES, motivo polo que o equipo de goberno pensou que podería ser conveniente crear a figura do comisionado para o EEES para un tempo definido (aproximadamente dous anos) e para que se dedique especificamente a este tema. Trátase dun cargo académico equiparado ao de vicerreitor e por iso ten que ser aprobado polo consello de goberno.

A señora Corbacho pregunta por qué en lugar dun comisionado non é un vicerreitorado.

O reitor di que é unha figura puntual para un tempo determinado e é mellor que non forme parte da estrutura dun vicerreitorado.

A señora Corbacho indica que se aínda non se sabe que velocidade lle imprimirá o ministerio a este tema, e se non hai lexislación sobre o mesmo, quizais sería mellor esperar. Propón que sería bo ter unha reunión do Claustro para que opine se a Universidade de Vigo quere estar nos primeiros postos de partida para a integración no EEES ou non.

O reitor di que xa hai moita lexislación publicada e que este Consello de Goberno xa se manifestou no sentido de que convén adiantarse e non agardar e incorporarse ao final. Suxírelle que se quere que se trate no Claustro, pode solicitalo e tratarase na próxima mesa do Claustro.

O profesor Tojo di que está de acordo coa figura e apoia a iniciativa. Considera que xa imos con algo de atraso, espera que se elixa á persoa axeitada e que se recupere o atraso.

Apróbase por asentimento a creación da figura de comisionado para o EEES.

Unha vez creada a figura o reitor informa que a persoa proposta para desempeñar ese cargo é o profesor D. Manuel Fernández Iglesias e que o seu despacho estará no CACTI.

Punto 14: Aprobación, se procede, da modificación do cupo de admitidos procedentes de traslados para o curso 2004/2005 en centros adscritos.

Apróbase por asentimento.

Punto 15: Adhesión, se procede, á Declaración de Toledo polo dereito á saúde para todos na Unión Europea.

O vicerreitor de investigación informa de que a comisión promotora reuniuse co goberno da universidade para pedir a adhesión ao movemento que está promovendo, pareceu máis axeitado que a adhesión non fose só do equipo reitoral e por iso tráese a este Consello de Goberno.

A señora Corbacho maniféstase en contra en tanto nesta cidade e, máis concretamente, no campus universitario, non estean cubertas todas as necesidades. Considera que é prioritario cubrir en primeiro lugar as nosas necesidades e despois adherirse á solicitude de saúde para todos.

O reitor considera que son temas diferentes e que quizais sería razoable pedir de novo que, ao menos en certas épocas, haxa un servizo de cruz vermella no campus, polo que intentará de novo solicitalo ao presidente de cruz vermella.

O profesor Tojo adhírese a esta declaración, pero cre que o tema da cruz vermella debería retomarse seriamente. Insiste sobre o tema da seguridade nos laboratorios.

Apróbase por asentimento a adhesión á declaración de Toledo.

Punto 16: Aprobación, se procede, da modificación do Anexo ao convenio entre a Consellería de Educación e a Universidade de Vigo aprobado na sesión do día 11 de maio de 2004.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa de que no anterior Consello de Goberno aprobouse un convenio coa Consellaría de educación que levaba incluído

un anexo no que figuraban as titulacións e as correspondencias. Agora propónse a modificación deste anexo, xa que se engaden outras titulacións e os ciclos superiores obxecto da correspondencia, e propón aprobar este novo anexo.

Apróbbase por asentimento (Anexo IV).

Unha segunda parte deste anexo serían as materias obxecto de validación en cada un dos estudos universitarios de 1º ciclo aos técnicos superiores de formación profesional dos ciclos que figuran nas correspondencias da primeira parte do anexo que se acaba de aprobar. A vicerreitora di que a consellaría prefire que este detalle forme parte do convenio, pero ela cre que é mellor que figure aparte, xa que faltan por especificar algunhas validacións e ademais, de momento non foi posible que as dúas titulacións de ciencias empresariais dos campus de Vigo e Ourense se puxeran de acordo neste tema.

O reitor esta de acordo con que esta segunda parte non forme parte do convenio, e propón que na primeira parte do anexo aprobado figure a frase seguinte: “A efectos de concretar as materias obxecto de validación, a Universidade de Vigo porá a disposición dos estudantes interesados toda a información necesaria relativa a cada titulación das que figuran neste anexo”.

Apróbbase por asentimento.

O profesor Ramos intervén para dicir que non está de acordo coa diferenza de validacións entre os dous centros de Ourense e Vigo sendo a mesma titulación.

O profesor Tojo di que é un problema de imaxe e considera que as validacións deben ser únicas por titulación por coherencia interna.

A profesora Carballo-Calero opina o mesmo.

Finalmente o reitor propón aprobar hoxe as validacións nas que non hai problema, e se de aquí a xullo os dous centros de Ourense e Vigo no chegan a un acordo, o equipo de goberno traerá unha proposta común a este Consello de Goberno xunto coas validacións que están pendentes por parte das dúas enxeñerías técnicas de telecomunicación.

Apróbbase por asentimento a proposta neses termos.

Punto 17: Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Facultade Rexional San Rafael da Universidade Tecnolóxica Nacional (Arxentina) e a Universidade de Vigo. – Acordo marco de cooperación entre a Escola superior de Educación de Paula Frassinetti e a Universidade de Vigo.

Apróbanse por asentimento.

Punto 18: Rogos e preguntas

A señora Iglesias Galán roga ao reitor que, antes de facer o que se comprometeu no punto 15, se asesore co gabinete de prevención.

A señora Corbacho roga conste na acta o agradecemento ao vicerreitor de planificación pola solución que se vai dar ao problema do comedor no seu centro.

A profesora Pita expón o problema da xestión administrativa no seu departamento, xa que comparten unha funcionaria co departamento de Dereito privado e resulta insuficiente. Xa pediu ao xerente fai algún tempo a busca dalgunha solución e agora solicita a intervención do reitor nese tema.

O reitor di que é un tema de xerencia pero que recolle a suxestión para que no momento en que se negocie a RPT, se estudie a distribución do traballo e se a resultas desto se considera necesario facer unha reorganización, farase.

O profesor Tojo pregunta sobre as declaracións do Conselleiro de Educación en relación co emprazamento no campus de Vigo da titulación da Escola de arte dramático.

O reitor di que non é unha titulación da universidade senón que depende da consellaría ao igual que os conservatorios. Di que tanto o Conselleiro de educación como a alcaldesa preguntáronlle se a universidade vía ben ese tema, e se estaría disposta a ofrecer aulas para esas actividades, ao que o reitor contestou afirmativamente, pero de momento non hai nada formal.

A profesora Troncoso pregunta se a universidade vai apoiar esa titulación ou non e que quizais algunhas áreas como por exemplo a de Teoría da literatura deberían ser consultadas.

O reitor di que a titulación depende directamente da Consellaría de educación e tamén os profesores. A universidade non participa nas decisións, é algo da Xunta cos concellos. Non depende en absoluto da universidade e non ten relación ningunha co POD, non sabe cómo se cobren esas prazas e cre que se se concreta algo máis, habería que falar con todas as titulacións que teñan algunha relación con eses estudos.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:40 horas do día 17 de xuño de 2004 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe